

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Tomiño para que adopte as medidas técnicas e organizativas precisas para artellar nun soporte electrónico os decretos e outras resolucións previstas na normativa de réxime local mediante a agregación cronolóxica e numerada correlativamente dos correspondentes documentos, facilitando o seu acceso aos membros da corporación para o exercicio das súas funcións, nos termos previstos polo Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas.

Expediente: N.9.Q/11299/22

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2023

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX, concelleira desa corporación municipal.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos: *“Como concelleiros electos, solicitamos acceso diario ou, polo menos, cada 5 días á plataforma de administración electrónica Gestiona para poder revisar os decretos ou informes de rexistro de saída e de entrada xa que según o artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, declara o dereito dos e das electas locais á información respectiva a entidades, polo que como concelleira teño dereito a ter acceso. Sen recibir resposta nin acceso ós mesmos a día de hoxe, 15/11/2022, solicitamos, una vez mais, que nos permitan consultar os decretos diariamente así como os expedientes solicitados.”*

Indicaba no seu escrito: *“Envíannos os decretos nun arquivo por correo electrónico unha vez ao mes, pero consideramos que non é nin o medio nin as formas xa que resulta imposible exercer a función fiscalizadora con un arquivo mensual que contén centos e centos de expedientes de entrada e saída.”*

Xunto coa queixa, remitía copia da solicitude formulada por un concelleiro do seu grupo político municipal no que, textualmente, solicitaba *“Acceso electrónico permanente ao Libro de Decretos a través de Gestiona”*

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que nolo remitiu.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Na información aportada faise unha análise pormenorizada do dereito de acceso á información dos representantes políticos municipais, tanto na súa regulación xeral ao abeiro do artigo 77 da LRBCL como nos artigos 14 e 15 do ROF, xunto coa lexislación concordante en materia de acceso á información pública e protección de datos de carácter persoal así como unha valoración dos principios aplicables a este tipo de solicitudes.

Porén, esa análise aborda de xeito xeral o acceso á información pero non delimita o dereito de acceso ao que solicitan, concretamente, os representantes electos deste grupo político municipal na solicitude rexistrada o 24 de setembro a través da presentación dunha instancia xeral na sede electrónica do concello: o acceso electrónico permanente ao Libro de Decretos a través de Gestiona. De feito, na propia queixa concrétese tamén á solicitude a que se permita consultar os decretos diariamente así como os expedientes solicitados.

Da queixa non se desprende a pretensión de acceder ao rexistro íntegro de entrada e saída do concello, solicitude que en todo caso estaría claramente restrinxida pola obriga de protexer os datos de carácter persoal incorporados a unha amplísima parte destes documentos que se rexistran a cotío. A petición atinxe aos decretos da alcaldía como forma ordinaria de adoptar as decisións en materias de competencia municipal. Desde este concepto, o acceso permanente aos decretos da alcaldía non pode ser cualificado como unha petición indiscriminada ou xenérica senón como a vía operativa de levar a cabo a función de control e fiscalización dos órganos de goberno municipal.

O Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, aclara nas súas consideracións previas que aos libros de actas, así como aos libros de resolucións, refírese o Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, cuxa aplicación ás comunidades autónomas é supletoria, tal e como ten manifestado o Tribunal Constitucional nas sentenzas 214/1989, do 21 de decembro, e 210/2014, do 18 de decembro.

O citado decreto ten por obxecto a regulación do emprego de medios electrónicos no relativo aos libros de actas das sesións de órganos colexiados de goberno e de resolucións previstos na normativa de réxime local, sen prexuízo dos demais aspectos recollidos na restante normativa aplicable. Coa súa aprobación, se dá pleno cumprimento aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, que

constitúen os principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tras establecer que as actas das sesións dos órganos colexiados de goberno se estenderán en soporte electrónico incorporando, ou non, o arquivo audiovisual das sesións, o artigo 3 regula os libros electrónicos de actas e de resolucións.

Estes libros de actas e os de resolucións en soporte electrónico estarán formados, respectivamente, pola agregación cronolóxica e numerada correlativamente das correspondentes actas e resolucións. Cada libro abranguerá o período dun ano natural e poderá incorporar un índice comprensivo dos arquivos incluídos. A aplicación informática que soporte tales libros deberá garantir a integridade, autenticidade, calidade, confidencialidade, protección e conservación dos ficheiros electrónicos correspondentes.

Na Disposición transitoria única indícase que os concellos disporán do prazo de tres anos contados desde a entrada en vigor do decreto para adaptaren os libros de actas e resolucións ao soporte electrónico. Entre tanto non se produza a adaptación dos libros de actas e de resolucións a soporte electrónico, os libros de actas e resolucións estarán formados pola impresión mecánica das actas e resolucións nos termos do Decreto 101/1983, do 14 de xullo, sobre libros de actas de acordos e resolucións das corporacións locais, e do Decreto 418/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o papel numerado especial da Comunidade Autónoma de Galicia para o uso das corporacións locais.

Xa que logo, todos os decretos da Alcaldía deben estar incorporados a un soporte electrónico diferenciado da plataforma xeral de administración electrónica que poida ter contratado a administración local, neste caso, Gestiona.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Tomiño o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Que adopte as medidas técnicas e organizativas precisas para artellar nun soporte electrónico os decretos e outras resolucións previstas na normativa de réxime local mediante a agregación cronolóxica e numerada correlativamente dos correspondentes documentos, facilitando o seu acceso aos membros da corporación para o exercicio das súas funcións, nos termos previstos polo Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo